## DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DERIVAN DA TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DAS "OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DOS TALLAMARES DA PONTE VELLA SOBRE O RÍO MIÑO".**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 56-2023, por un importe total de 66.553,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se derivan da tramitación de emerxencia das "OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DOS TALLAMARES DA PONTE VELLA SOBRE O RÍO MIÑO" (Expte. Ref. 2023/G004/000759).

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/2045, de data 21.12.2023, así como o RCMOD núms: 2023/91416, 2023/91447, 2023/91448, 2023/91449, 2023/91450, de data 21.12.2023, por importe de 66.553,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 66.553,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO | IMPORTE € | APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | C.P. | IMPORTE € |
|---|---|---|---|---|
| 13000.12003<br>15100.12003<br>15120.12002<br>15302.12000<br>15302.12100 | 13.900,00 €<br>10.000,00 €<br>21.000,00 €<br>20.800,00 €<br>853,00 € | 15300.60900 | 23XX00043 | 66.553,00 € |
| **TOTAL CRÉDITO CEDIDO** | **66.553,00 €** | **TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO** | | **66.553,00 €** |



MURALLA patrimonio da humanidade
FIRMADO POR ***947***-Lara Méndez López (FECHA: 21/12/2023)
Decreto Nº: 11618/2023 - Fecha de firma: 21/12/2023
Versión imprimible
Firmado por: ***947*** - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-12-21 11:57:44.00)
CVD: yeexv0zcj+fxKDyY1hob
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto: 11618/2023

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***947***-Lara Méndez López (FECHA: 21/12/2023)
Decreto Nº: 11618/2023 - Fecha de firma: 21/12/2023
Versión imprimible